



## Concello de Vilalba

### **BASES QUE REXERÁN OS PREMIOS ÁS COMPARSAS QUE PARTICIPEN NOS ACTOS PROGRAMADOS CON MOTIVO DO ENTROIDO 2023 DO CONCELLO DE VILALBA**

O Concello de Vilalba, ao obxecto de incentivar a participación cidadá nos actos do concurso do Entroido 2023, establece as normas reguladoras e os premios económicos que outorgará ás comparsas e disfraces que interveñan nos actos citados de acordo coas seguintes bases:

**PRIMEIRA.-** Poderán participar nos actos programados polo Concello de Vilalba con motivo do concurso do Entroido e ser premiadas calquera asociación ou entidade legalmente constituída, así como os “grupos ocasionais” que cumpran as condicións establecidas nestas bases. Neste último caso, deberán nomear a un/unha representante debidamente autorizado/a para actuar en nome do grupo.

**SEGUNDA.-** Os participantes deberán cumprimentar a autorización de dereitos de imaxe o chegar o punto de saída, que deberán entregar no punto habilitado os empregados designados para tal fin, ata media hora antes do comezo do concurso, momento no que se pechará dito trámite obrigatorio para poder participar.

Non será necesaria a inscrición previa. O propio día do evento deberán asinar a autorización anteriormente descrita.

O Concello resérvase o dereito de non admitir a aquelas comparsas que en anos anteriores non acreditaran os mínimos de calidade e orixinalidade no seu vestiario ou actuación.

**TERCEIRA.-** Entenderase por:

- Comparsa : Agrupación de máscaras cun número de 8 ou máis persoas.

***Comparsa Infantil e xuvenil:*** de 0-14 anos, *nados ata o ano 2009*

Poderán ir acompañadas como máximo de dúas persoas adultas sen disface que desempeñará funcións de apoio ou axuda, non participando no evento.

***Comparsa Adultos:*** a partir de 15 anos, ( *nados desde 2008*)

***Comparsa Mixta:*** adultos e nenos.

- Individuais: (1 participante)

***Individual Infantil e Xuvenil 0-14 anos,*** ( *nados ata o ano 2009*)

***Individual Adulto Máis de 15 anos,*** ( *nados desde 2008*)

- Parellas:(2 participantes)

***Parellas Infantil e Xuvenil 0-14 anos,*** ( *nados ata o ano 2009*)

***Parellas Adulto Máis de 15 anos,*** ( *nados desde 2008*)



## Concello de Vilalba

**(\*) Nas categorías *individual e parellas infantil*, poderán ir acompañadas como máximo dunha persoa adulta sen disfrace que desempeñará funcións de apoio ou axuda, non participando no evento.**

**CUARTA.-** Os participantes deberán gardar unha unidade temática, tanto no seu vestiario coma na súa actuación. Non se consideran comparsas con dereito a inscrición e participación aquelas que en anos anteriores repetirán o seu disfrace.

**QUINTA.-** Os participantes que opten os premios terán que reunir os requisitos sinalados nas Bases 2ª, 3ª e 4ª, no seu defecto será descalificado automaticamente.

A organización do Entroido **non se fará cargo** de poñer a **música** no desfile, cada un será responsable do seu acompañamento musical.

No caso de **condicións climáticas adversas** o desfile quedará totalmente cancelado. Sendo publicado previamente nas Redes Sociais e Páxina Web do Concello.

Poderán presentarse neste concurso tódalas comparsas e disfraces que o desexen, tanto físicas como xurídicas.

**SEXTA.-** Destínase un crédito máximo de **5.710,00€** que se imputará á aplicación orzamentaria **338.48942** do orzamento municipal para as axudas ás comparsas que participen nos actos programados con motivo do Entroido.

Estes **5.710,00€** hanse repartir de acordo a estes criterios:

PREMIOS		
INFANTIL E XUVENIL (DE 0 A 14 ANOS , (nados entre o 2009 e 2023))		
INDIVIDUAL	PARELLA	COMPARSA
1º premio: 120€ 2º premio: 100€ 3º premio: 75€	1º premio: 160€ 2º premio: 125€ 3º premio: 100€	1º premio: 500€ 2º premio: 400€ 3º premio: 300€
ADULTOS ( MÁIS DE 15 ANOS, (nados 2008 e anteriores))		
INDIVIDUAL	PARELLA	COMPARSAS Mixta e Adultos
1º premio: 120€ 2º premio: 100€ 3º premio: 75€	1º premio: 160€ 2º premio: 125€ 3º premio: 100€	1º premio: 1000€ 2º premio: 750€ 3º premio: 550€
<b>PREMIOS ESPECIAIS COMPARSAS</b> (Infantil ,Adultos e Mixtas) <b>Acumulables a outros premios</b>	- Máis orixinal: <b>200€</b>  - Máis simpático (mellor humor, crítica a temas de actualidade, ..): <b>200€</b>	



## Concello de Vilalba

---

A comisión avaliadora poderá otorgar, ou non, en función das circunstancias e según o seu criterio ata tres accesits de 150€ cada un.

Todos/as os/as participantes levaran un vale para un petisco e un detalle para todos/as os/as menores, ata esgotar existencias.

Estos premios estarán suxeitos ás retencións fiscais establecidas na lexislación vixente.

A Comisión Avaliadora poderá excluír dos premios a aquelas comparsas e disfraces que non acrediten as condicións mínimas esixidas, reflectíndoo na acta de resultado.

A non participación no desfile conlevará a exclusión automática da percepción destes premios. Así mesmo, a non recollida do premio no momento da entrega, conlevará perder o dereito ó mesmo (pódese designar a unha persoa encargada e non ten que estar a totalidade dos participantes no caso das comparsas).

Os aboamentos dos premios serán tramitados polo concello de Vilalba através dunha **transferencia bancaria**, previamente será necesaria a presentación do certificado con número de conta. **De resultar premiados**, o representante, deberá enviar o correo: [cultura@vilalba.es](mailto:cultura@vilalba.es), o certificado da conta bancaria onde ser fará efectivo o abono co asunto: nome da comparsa e categoría, nun **prazo** de 10 días naturais a contar dende o día seguinte á celebración do evento.

**SÉTIMA.-** A Comisión Avaliadora darase a coñecer por resolución da alcaldía, e farase pública na páxina web [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal) e na Sede Electrónica do concello.

O día da celebración do desfile a Comisión Avaliadora comprobará que as comparsas participantes reúnen, coa súa participación no desfile, as condicións requiridas nestas bases. A resultas desta comprobación, a Comisión Avaliadora fará a correspondente proposta de concesión das axudas reguladas nestas Bases.

Os premiados daranse a coñecer unha vez rematado o desfile.

**OITAVA.-** Participación e actuación:

Os participantes farán un desfile pola vila o **martes 21 de febreiro de 2023** a partir das **17.00h** con saída do Recinto Feiral de Vilalba. A persoa que represente o/a/os/as participantes débese presentar entre as 16 e 16.30h no punto habilitado para asinar a autorización e serlle entregado o dorsal que ten que estar **visible en todo momento**.

O percorrido terá como punto de saída o campo da feira, colocándose por orde de categoría e dorsal. Salirá pola Avda. Terra Chá, José María Chao Ledo, Rúa de Galicia ata a Praza da Constitución, onde, diante do Templete (onde estará ubicado o xurado e remata o percorrido) todos os participantes, poderán facer unha pequena actuación se así o desexan.



## Concello de Vilalba

---

A **duración** da actuación diante do xurado non poderá exceder de 2min. De ser así, quedará automaticamente descualificado para poder optar os premios por categorías nin accesits. Sí poderá obter o premios especiais.

A comisión avaliadora terá en conta os seguintes parámetros:

- Orixinalidade: ata 10 puntos
- Confección dos disfraces: ata 10 puntos.
- Posta en escea: ata 10 puntos
- Caracterización: ata 5 puntos
- Estructuras ou remolques: ata 5 puntos

Si as **condicións meteorolóxicas son adversas** o desfile quedará totalmente anulado anunciándose a través da na web oficial do concello <https://www.vilalba.gal> e nas redes sociais do concello.

Para calquera dúbida poden poñerse en contacto no teléfono: 982 510761 ou no correo [cultura@vilalba.es](mailto:cultura@vilalba.es) (Departamento de Cultura).

**NOVENA.-**As presentes bases serán publicadas na páxina web municipal [www.vilalba.gal](http://www.vilalba.gal) , nas redes sociais e no taboleiro da sede electrónica do Concello de Vilalba.

**DÉCIMA.-** A inscrición e participación no Entroido Vilalbés implica a aceptación destas bases.

**UNDÉCIMA.-** De conformidade cos artigos 15 a 22 do Regulamento (UE) 2016/679 do parlamento europeo e do consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas, así como os artigos do 12 ao 18 da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e garantía dos dereitos dixitais, os afectados contan cunha serie de dereitos no tratamento dos seus datos persoais, a saber: dereito de acceso, rectificación, supresión, limitación do tratamento, portabilidade e oposición.

**DUODÉCIMA.** *Servizo Municipal de Cultura (SMC) do Concello de Vilalba, resérvase o dereito a formular cantas modificacións estime oportuno, no tocante a causas de forza maior (condicións climatolóxicas, restricións sanitarias condicionada pola evolución da situación epidemiolóxica e as medidas de hixiene e prevención que se poidan tomar con respecto a mesma, ou calquera outra circunstancia desta índole), que non permitan o desenvolvemento normalizado da actividade podendo pospoñer ou cancelar dito evento ou parte do mesmo."*

**DOCUMENTO ASINADO DIXITALMENTE Á MARXE**

